

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
19 NOVEMBRO 2023

Non é tanto ter talento como saber facelo crecer

1. VER: Tes talento?

- Cando a veces nos preguntámonos que sabemos facer, cal é o noso maior talento, como mellorar os nosos talentos... É que todos temos calidades, posibilidades para facer unhas cousas mellor que outras.

*Que son os talentos?
Podemos facer crecer un talento?*

2. XULGAR: Saber facer crecer os talentos

- **No** evanxeo deste día, Xesús, a través dunha historia, fálanos dun pai que deixou os seus bens aos seus fillos: a un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un. Ao pasar o tempo pediulles que desen conta do que fixeran con eles.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Na parábola de Xesús, **un** recibiu **3**, **outro 2** e **outro 1**. Que fixeron con eles? Obtiveron recompensa? Que pasou co que o escondeu?

- **Todos temos uns talentos**, unhas capacidades: hai que ser conscientes deles, coñecelos e *saber agradecerlos a Deus* que nolos regala. Que tes que agradecer ti?
- Os talentos son un **agasallo** pero tamén **son unha tarefa**, hai que poñerse a traballar, hai que desenvolvelos... Non podemos escondelos. Que facer? Poñelos ao servizo dos demais. Isto require *esfuerzo, entrega, constancia, dispoñibilidade... e, ao final, a satisfacción* do deber cumprido, da entrega que se vai realizando no día a día, da alegría de poñer en xogo o que gratuitamente o Señor nos regala.
- Este domingo celebramos a **Xornada Mundial dos Pobres**, cuxo lema é **“Non apartes o teu rostro do pobre”** (Tb 4,7). Por iso explícanos Fano: *“Non se trata de dar ou recibir. Trátase de coñecer, achegarse, acompañar, dar instrumentos, querer, coidar... que ese sexa o teu talento, o noso talento”*.

- **Cales son os teus talentos?**
- **Como os desenvolves?**

-

3. ACTUAR: Pon a crecer os teus talentos servindo

- Non escondas nin enterres os teus talentos, descúbreos, agradáceos, desenvólveos, ponos a disposición dos outros.
- Nesta **Xornada dos Pobres** descubrimos que necesidades hai ao noso redor, que podemos compartir. e non esquecemos que todos somos irmáns, que o pobre é o rostro de Cristo.

Que imos facer?

LECTURAS

PROVERBIOS 31,10-31: *Traballa coa destreza das súas mans.*

Unha muller forte, quen a achará? Supera en valor ás perlas. O seu marido fíase dela, pois non lle faltan riquezas.

Tráelle ganancias, non perdas, todos os días da súa vida. Busca a la e o liño e trabállalos coa destreza das súas mans.

Aplica as súas mans ao fuso, cos seus dedos sostén a roca. Abre as súas mans ao necesitado e tende os seus brazos ao pobre.

Enganosa é a graza, fugaz a fermosura; a que teme ao Señor merece loanza. Cantádelle polo éxito do seu traballo, que as súas obras exáltena en público.

Palabra do Señor.

Salmo 127: R/. Ditosos os que temen o Señor.

1ª Tesalonicenses 5,1-6: *Que o día do Señor non vos sorprenda como un ladrón.*

Mt 25, 14...: *Como fuches fiel no pouco, entra... do teu Señor*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

Xesús: «Un home, ao irse de viaxe, chamou os seus servos e deixounos ao cargo dos seus bens: a un deixoulle cinco talentos, a outro dous, a outro un, a cada cal segundo a súa capacidade; logo marchouse. Ao cabo de moito tempo vén o señor daqueles servos e ponse a axustar as contas con eles. Achegouse o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco, dicindo:

Empregado 1: -“*Señor, cinco talentos deixáchesme; mira, gañei outros cinco*”.

Xesús: O seu señor díxolle:

O señor: -“*Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor*”».

Xesús: Achegouse logo o que recibira dous talentos e dixo:

Empregado 2: -“*Señor, dous talentos deixáchesme; mira, gañei outros dous*”.

Xesús: O seu señor díxolle:

O señor: -“*Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor*”.

Xesús: Achegouse tamén o que recibira un talento e dixo:

Empregado 3: - “*Señor, sabía que es esixente, que segas onde non sementas e recolles onde non esparexes, tiven medo e fun esconder o teu talento baixo terra. Aquí tes o teu*”.

Xesús: -“O señor respondeulle:

O señor: - “*Es un servo negligente e folgazán. Conque sabías que sego onde non semento e recollo onde non esparexo? Pois debías poñer o meu diñeiro no banco, para que, ao volver eu, puidese recoller o meu cos intereses. **Quitádelle o talento e dádello ao que ten dez.** Porque ao que ten daráselle e sobraralle, pero ao que non ten, quitaráselle ata o que ten. E a ese servo inútil botádeo fóra, ás tebras; alí será o pranto e o renxer de dentes*”».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús-Empregado 1 – 2 - 3- O señor).